



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de decembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 19 de decembro de dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

EXPEDIENTE RIB/S/143.10/03 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

“Visto o escrito de CONSTRUCCIONES BOPORTE S.L. onde solicita licencia de primeira ocupación para edificio sito en rua Yéñez nº 15.

Visto o informe da arquitecto municipal Dona Mercedes Álvarez López de data 15 de decembro do 2011 no que se conclue o seguinte:

“Infórmase favorablemente a concesión da licencia de ocupación solicitada”.

Consta Informe Xurídico de data 23 de xaneiro de 2011 con carácter favorable.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza de PRIMEIRA OCUPACIÓN a Don Juan C. González Loeda en representación de CONSTRUCCIONES BOPORTE S.L. para edificio sito na rua Yéñez nº 15.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Segundo.-Comunicar o presente acordo ao interesado.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do xulgado Contencios Administrativo nº1 con data RE 15 de decembro de 2011 Nº RE 5882, relativo a interposición de demanda no procedemento ordinario 149/2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1. Nomear como letrado a Don Angel Pazos Huete e como procuradora a Dona Begoña Pérez Vázquez.
2.Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.
2. Comunicación do xulgado Contencios Administrativo nº1 con data RE 23 de decembro de 2011 Nº RE 6009, relativo a interposición de demanda no procedemento abreviado 427/2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1. Nomear como letrado a Don Angel Pazos Huete e como procuradora a Dona Begoña Pérez Vázquez.
2.Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.
3. Comunicación da Consellería de Presidencia con data RE 2 de decembro, Nº RE 5708, relativo a comunicación de acta de inspección de taller mecánico.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONVENIOS DE COLABORACIÓN.-

Dase conta polo secretario dos seguintes convenios de colaboración:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o clube Mizukami escola de karate Shotokan, para utilización das Instalacións Deportivas Municipais.
2. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a escola Kickboxing Ribadavia. para a utilización das instalacións deportivas municipais

A Xunta de Goberno Local acorda tomar conocimiento facultando ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro pasado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda rectifica-lo acordo quedando o mesmo do seguinte xeito:

“APROBACION DE PADRON COBRATORIO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Padrón cobratorio da Taxa de Alcantarillado 2010, por importe de 47.195 euros.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.